



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES:

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de
avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de
Pontevedra)

Paula Nieto Grande
(Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS
VECIÑOS DA CMVMC DE MOURENTE
(PONTEVEDRA)**

X. Carlos Morgade Martínez

SECRETARIO

José Alberto Cousido Fernández
(Funcionario adscrito ao Servizo
xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 01/03/2023 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados **A Poza do Frade, O Canto do Regueiro, Valdapalla, Cons 5, Cons 6, Cons 7 e Cons 8**, solicitado a favor da **CMVMC de Mourente**, na parroquia de Mourente (Pontevedra)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- O 16.06.2019, a CMVMC de Mourente, concello de Pontevedra, solicita a clasificación como monte veciñal en man común (en diante MVMC) das parcelas A Poza do Frade, O Canto do Regueiro, Valdapalla, Cons 5, Cons 6, Cons 7 e Cons 8 a favor dos veciños da parroquia de Mourente, concello de Pontevedra provincia de Pontevedra:

Parcela: A Poza do Frade

Referencia catastral: 36900A13000073

Superficie: 2042 m²

Linde Norte: José Antonio Pereira Seijas, Bernardo Loira Araújo, Vicente Villaverde Portela e Benito Cobas

Linde Sur: Rosa Riveiro Lage, Manuel Sanmartín Moreira e Benito Cobas

Linde Leste: María Elisa Fontán Varela



Linde Oeste: Francisco Rey, M^a Carmen Riveiro Otero, Maximino Otero Rey e M^a Carmen Riveiro Otero

Parcela: O Canto do Regueiro

Referencia catastral: 36900A13700039

Superficie: 2.433 m²

Linde Norte: Margarita López Piedras e M^a Teresa Couto Pereira

Linde Sur: Vía Pública

Linde Leste: Dolores Regueira Pereira, M^a Teresa Couto Pereira, Alfredo López Roel, Celia González Couto e Manuel Fortes

Linde Oeste: Vía pública

Parcela: Valdapalla

Referencia catastral: parte 36900A16000528 (CSV:JNN4PHNGZ2NQBT7D)

Superficie: 527 m²

Linde Norte: Aurelio López Pérez e Juan Manuel Estévez Durán

Linde Sur: Teresa Pece Montenegro e Juan Manuel Estévez Durán

Linde Leste: M^a Obdulia Mendoza Villaverde e José Benjamín Pastoriza Fandiño

Linde Oeste: M^a Obdulia Mendoza Villaverde e camiño público (segundo o Catastro, Casino Mercantil e Industrial).

Parcela: Cons 5

Referencia catastral: 2398801NG3929N

Superficie: 494 m²

Linde Norte: Vía pública e Comunidade de Montes de Mourente

Linde Sur: Concello de Pontevedra

Linde Leste: Comunidade de Montes de Mourente

Linde Oeste: Vía pública

Parcela: Cons 6

Referencia catastral: 2298907NG3929N

Superficie: 330 m²

Linde Norte: Abigail Pastoriza Fandiño

Linde Sur: Vía pública

Linde Leste: Vía pública

Linde Oeste: Abigail Pastoriza Fandiño

Parcela: Cons 7

Referencia catastral: 2296001NG3929N

Superficie: 319 m²

Linde Norte: Vía pública



Linde Sur: Isabel Cochón Palmás

Linde Leste: Vía pública

Linde Oeste: Vía pública

Parcela: Cons 8

Referencia catastral: 2297201NG3929N0001PS

Superficie: 294 m²

Linde Norte: Vía pública

Linde Sur: Manuel Leiro Torres

Linde Leste: Vía pública

Linde Oeste: Vía pública

Coa solicitude xúntase a seguinte documentación:

- Escrito do 30.04.2019 do presidente da CMVMC de Mourente que expón de xeito detallado, por cada parcela, os aproveitamentos que os veciños veñen gozando e aproveitando.
- Informe técnico da solicitude de clasificación das parcelas A Poza do Frade e outras, parroquia de Mourente, concello de Pontevedra, provincia de Pontevedra. Asinado en setembro de 2018 polo enxeñeiro técnico forestal colexiado núm. 503. A memoria contén medición topográfica, reportaxe fotográfica das parcelas, fichas catastrais, documentación que acredita o uso comunal dos veciños de Mourente.
- Informe de validación gráfica catastral da parcela Valdapalla co CSV: JNN4PHNGZ2NQB7D.

Durante a tramitación do expediente non achegan documentación para acreditar o aproveitamento veciñal en man común por parte dos veciños da parroquia de Mourente.

SEGUNDO- O 19.12.2019, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación das parcelas obxecto de clasificación e que se atopa fóra do deslindamento do monte da CMVMC de Mourente executado pola Administración Forestal no ano 2013.

TERCEIRO- O 27.02.2020 o Xurado de MVMC de Pontevedra acorda incoar expediente de clasificación das parcelas A Poza do Frade, O Canto do Regueiro, Valdapalla, Cons 5, Cons 6, Cons 7 e Cons 8. Noméase instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notifícase o 05.03.2020 á CMVMC de Mourente e o 06.03.2020 ó concello de Pontevedra.



CUARTO- O 27.05.2021, a xefa da Área de montes veciñais en man común de Pontevedra emite informe preceptivo do Servizo de Montes:

"(...) 1. A Poza do Frade: 36900A13000073 de 2.042 m²

- 1. Corresponde na súa totalidade coa parcela 36900A13000073, de 2.042 m², que se encontra "En Investigación".*
- 2. Se accede por un camiño de terra, non catastrado, que atravesa a parcela. Se aprecia restos de muro e marcos que a delimitan.*
- 3. Esta parcela forestal está poboada por carballo e plantada con freixos e castiñeiros de 1,5 a 2 m de altura e unha vexetación subarbustiva de fentos.*
- 4. A parcela como se informa no punto 2, está plantada e contén un cartel informativo da comunidade de prohibición de verter lixo.*

2. O Canto do Regueiro: 36900A13700039 de 2.433 m²

- 1. Corresponde na súa totalidade coa parcela 36900A13700039, de 2.433 m², que se encontra "En Investigación".*
 - 2. Se accede pola vía asfaltada catastrada como 36900A13709001, que delimita a parcela polo Oeste e a vía asfaltada 36900A13709003, polo Sur. Polo Leste está delimitada por muro de pedra e polo Norte por marcos de pedra. A parcela é atravesada por unha senda, que non está catastrada, de Norte a Sur.*
 - 3. Está parcela forestal, é unha ladeira, orientada á Oeste, onde se aprecia restos de corta de acacia negra que están substituíndo por castiñeiros de 2 saibas. Se observa un estrato arbóreo de carballos e castiñeiros adultos, cun estrato subarbustivo de fentos.*
 - 4. Hai un cartel da comunidade de montes situado no terzo Sur da parcela e un pozo situado a carón da estrada 9001, tamén no terzo Sur.*
- Existe unha liña de postes de luz ao longo da estrada 9001, e como se resalta no punto 3, unha plantación de castiñeiros despois da corta de acacia negra.*

3. Valdapalla: de 527 m²

- 1. É un anaco (527m²), da parcela catastral 36900A16000528, que ten unha superficie total de 91.033 m², a nome de "Granja Vista Real SA".*
 - 2. Se accede por un camiño de terra, situado na parte Suroeste da parcela, que non está catastrado.*
- Se encontra delimitada polos muros de pedra das propiedades lindeiras situadas ao Noroeste e Sueste e por un camiño de terra situado ao Suroeste.*
- 3. Se encontra plantada con diversas especies forestais como castiñeiro, carballo do xénero rubra e bidueiro. A parcela foi desbarbada e agora está poboada por estrato subarbustivo de herbas.*

4. Cons 5 (2398801NG3929N) de 494 m²,

Cons 5: Linda á Noroeste con vía asfaltada, á Sur coa casa da comunidade (parcela non clasificada) e á Leste por terreo clasificado á comunidade, segundo o deslindamento.



É unha parcela de viñado sen ningún uso forestal, delimitada por diferentes elementos como somieres e arames, que é atravesada por unha liña eléctrica de medida tensión onde se sitúa un apoio desta liña.

5. Cons 6 (2298907NG3929N) de 330 m²,

Cons 6: Esta parcela residual, é lindeira polo Nordeste co monte veciñal de Mourente, situada entre vías asfaltadas, que a separan do resto do monte veciñal, e o cerramento da propiedade contigua, de referencia 2298906NG3929N0001LS, á que se accede a través da parcela catastral 2298907NG3929N.

No ten ningún uso forestal e a única vexetación existente é herba cortada e un abeto adulto de gran tamaño.

Contén un apoio dunha liña eléctrica de media tensión e dous pasos asfaltados, únicos accesos para as vivendas da parcela 2298906NG3929N0001LS.

6. Cons 7 (2296001NG3929N) de 319 m²

Cons 7: Esta parcela residual, situada entre vías asfaltadas, que a separan do resto do monte veciñal clasificado, e o cerramento da propiedade contigua, de referencia 2296002NG3929N0001YS.

Sen ningún uso forestal. A vexetación arbórea consiste nun abeto adulto e dous cereixos plantados duns 2 m de altura. No momento da visita a herba non estaba cortada.

Se observa un cartel da comunidade de Mourente, bloques de granito arroxados na parcela e un poste da liña de baixa que atravesa a parcela polo límite Noroeste, a carón da vía asfaltada.

7. Cons 8 (2297201NG3929N) de 294 m²

Cons 8: Esta parcela residual, delimitada polo Norte, por unha vía asfaltada que a separa do monte veciñal clasificado (2299006NG3929N0001AS) e o cerramento das parcelas lindeiras polo Sur.

No ten ningún uso forestal. No momento da visita, a herba non estaba cortada, polo que non se visualizan os 3 bancos instalados pola comunidade. Contén un poste da luz e a única vexetación arbórea existente é un cereixo adulto."

QUINTO- O 01.07.2021, o Rexistro da Propiedade de Pontevedra núm. 1 certifica que os predios dos que se insta a clasificación non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase as anotacións preventivas no Rexistro da Propiedade de Pontevedra núm. 1, notifícase o trámite de audiencia, publícase edicto no concello de Pontevedra e no DOG o anuncio do 18 de novembro de 2021, do Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de inicio do expediente de clasificación dos montes A Poza do Frade e outros, a favor da CMVMC de Mourente, do concello de Pontevedra (DOG núm. 235, do 19 de decembro).

SEXTO- Dentro do período do trámite de audiencia non se reciben alegacións.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

SEGUNDO- O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

“Son montes veciñais en man común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluindo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

TERCEIRO - Revisada a documentación existente no expediente acréditase de forma sólida e fidedigna o aproveitamento consuetudinario en man común das parcelas pola agrupación veciñal.

A Poza do Frade- declaración de veciños do aproveitamento comunal, declaración dun madeireiro da colindancia, escritura dunha propiedade privada que é lindeiro ao monte. Segundo informe do Servizo de Montes posúe cartel da CMVMC de Mourente e plantación de frondosas. Factura do ano 2017 de eliminación de especies invasoras. Factura do ano 2018 de desbroce. Factura do ano 2019 de plantación de castiñeiros, carballos e freixos. Venta de madeira e transferencia do ano 2016.

O Canto do Regueiro- declaración de veciños do aproveitamento comunal. Factura do ano 2017 de eliminación de especies invasoras. Factura do ano 2019 de plantación de castiñeiros.

Valdapalla- declaración do presidente do liceo casino de Pontevedra de que a parcela non lles pertence, medición topográfica e declaración de lindes. Factura de 2019 de preparación do terreo e plantación de castiñeiros, carballos e freixos.

Parcelas Cons.- declaración de veciños, contrato de cesión en precario da CMVMC de Mourente a un veciño para horta. Factura do ano 2017 de eliminación de especies invasoras. Factura do ano 2018 de desbroce. Factura do 2019 de plantación de cerdeiras e camelias.



O informe de campo da xefa de Área de MVMC de Pontevedra concorda coa documentación presentada pola CMVMC de Mourente.

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** por unanimidade **acorda : CLASIFICAR** como veciñais en man común os montes denominados **"A Poza do Frade, O Canto do Regueiro, Valdapalla, Cons 5, Cons 6, Cons 7 e Cons 8" a prol dos veciños da CM de Mourente (Pontevedra)** de acordo á descrición reflectida no antecedente de feito primeiro e conforme a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

